

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA PARA O SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO DO CONCELLO DE AMES.

1. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato é a prestación do **SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO DO CONCELLO DE AMES**. Os servizos prestaranse de conformidade co disposto no presente prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas e o regulamento do servizo municipal de transporte adaptado do Concello de Ames.

O servizo deberá contar obrigatoriamente cun condutor e un monitor/acompañante, de acordo co disposto nas cláusulas de prescricións técnicas que acompañan a este prego.

As obrigas que dimanar deste contrato deberán realizarse pola empresa adxudicataria ao seu cargo, sen recibir outra contraprestación que o prezo que resulte na adxudicación correspondente.

Dito obxecto corresponde aos números 85300000-2 Servizo asistencia social e servizos conexos, 60140000-1 Transporte non regular de viaxeiros, 63520000-0 Servizo de compañía de transporte **do Código CPV, do Vocabulario Común de Contratos**.

2. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

O órgano competente para contratar é a Xunta de Goberno de Local, de acordo co decreto de delegación de atribucións da alcaldía 751/2011, de 21 de xuño de 2011, xa que o contrato non supera o 10% dos recursos ordinarios do presuposto e é inferior aos catro anos de duración (contabilizando as prórrogas), en aplicación da Disposición adicional segunda do TRLCSP.

3. NATUREZA XURÍDICA E RÉXIME XURÍDICO.

3.1.- O presente contrato ten natureza administrativa de conformidade co disposto no artigo 19.1.a) do TRLCSP e cualifícase como contrato de servizos, segundo o disposto no artigo 10 do TRLCSP.

3.2.- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral no artigo 19.2 do TRLCSP e para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexerase por:

- O presente Prego de cláusulas administrativas particulares.
- O Prego de prescricións técnicas.
- O Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP).
- O Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña ao TRLCSP.
- O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- O regulamento do servizo municipal de transporte adaptado do Concello de Ames publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 247, de 26 de decembro de 2014.
- Aplicaranse, de forma supletoria as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as de dereito privado.
- O contrato sométese ás regras dos contratos de regulación harmonizada ao abeiro dos artigos 13 e 16.1 do TRLCSP. Ao tratarse dun contrato destas características está previsto na lei o recurso especial en materia de contratación do artigo 40 do TRLCSP cuxas regras se aplicarán no presente Prego, así como as relativas aos requisitos de publicidade especial da licitación e a adxudicación do contrato.

3.3.- O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto previsto nos artigos 150 e 157 a 161 do TRLCSP, para a selección da oferta economicamente máis vantaxosa con diversos criterios de adxudicación seguíndose o procedemento por tramitación ordinaria.

4. ORZAMENTO DE LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO, PREZO DO CONTRATO E REVISIÓN DE PREZOS.

4.1.- O orzamento base de licitación é de **384.000 €uros, IVE non incluído**, polos 4 anos de duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas, e sen prexuízo da revisión de prezos que proceda se é o caso.

Á cantidade anterior haberá de engadirse o IVE correspondente que ascende á cantidade de **38.400 €uros, calculado ao 10 %**, polos 4 anos de duración máxima, incluídas prórrogas, do contrato.

O prezo do contrato será o que resulte da licitación.

4.2.- A revisión de prezos terá lugar, no seu caso, cando así se indique no cadro de características do contrato (**non se contempla no presente caso**) cando este se execute polo menos nun 20% do seu importe e a partires do segundo ano (*en caso de prórroga por mutuo acordo das partes*) dende a súa formalización, data que se tomará como referencia co fin de determinar o momento a partir do cal procede a revisión de prezos e os seus efectos.

5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para atender ás obrigas económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato, existe crédito abondo no vixente Orzamento Xeral do Concello **con cargo á aplicación 231.22799**, e tendo en conta o orzamento de licitación previsto na cláusula 4.

De conformidade co disposto no artigo 174 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de maio, e nos artigos 79 e seguintes do Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1998, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, a autorización ou realización de gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

6. DURACIÓN DO CONTRATO E POSIBILIDADE DE PRÓRROGA.

6.1.- A duración inicial do contrato será de **tres (3) anos** contados a partir do día seguinte ao da súa formalización.

6.2.- Os tres anos iniciais serán prorrogables expresamente, por por mutuo acordo das partes, por un ano mais ata un máximo de 4 anos (incluído período inicial e prórrogas), previa solicitude do adxudicatario realizada ao menos con un mes de antelación á finalización do contrato, sen que poidan producirse ditas prórrogas polo consentimento tácito das partes.

7. PROCEDEMENTO, TRAMITACIÓN E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

7.1.- O contrato adxudicarase polo procedemento aberto ao abeiro do previsto nos artigos 138 e 157 a 161 do TRLCSP.

7.2.- A súa tramitación será ordinaria.

7.3.- A forma de adxudicación será a da oferta economicamente máis vantaxosa, atendendo a varios criterios de adxudicación.

8. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán presentar ofertas, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

De conformidade co establecido no artigo 65.1 do TRLCSP, non é requisito para concurrir ao procedemento licitatorio que o empresario se atope clasificado.

8.1 A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas, mediante escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se

trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión diplomática permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

8.2 A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do TRLCSP poderá realizarse:

a) Mediante testimonio xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade esté prevista na lexislación do estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante autoridade xudicial

8.3 A solvencia do empresario:

En canto a solvencia económica, financeira e profesional e técnica, acreditarase polos seguintes medios:

* Esixírase a clasificación de contratistas do Estado, que comprenda:

Grupo R, Servizos de transporte

Subgrupo 1 Servizo de transporte en xeral

Categoría A (anualidade media sexa inferior a 150.000 €uros)

En canto as Unións de Empresarios deberán acreditar a súa clasificación, ou no seu caso, a súa solvencia nos termos previstos nos art. 59 e 65 do TRLCSP.

9. GARANTÍAS.

9.1.- Provisional: Non se esixe.

9.2.- Definitiva: O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá prestar unha garantía do **5% do importe de adxudicación correspondente a unha anualidade, excluído o IVE.**

10. ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE.

Ó tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, o procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria ó que se refire o presente prego, anunciarase no Diario Oficial da Unión Europea, Boletín Oficial do Estado e no Perfil do Contratante (art. 142 e 53 do TRLCSP).

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través da páxina web municipal www.concellodeames.org, e dentro da mesma, no perfil do contratante, de conformidade co disposto nos artigos 53, 141, 142, 151, 154 do TRLCSP.

11. OFERTAS.

11.1.- Presentación.

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao establecido nesta Prego e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, así como do Prego de Prescricións Técnicas, sen salvedade ou reserva ningunha.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si o fixo individualmente nin figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

11.2.- Lugar e prazo de presentación.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ames, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC) dentro do prazo de **cincuenta e dous días naturais** que empezarán a contar dende o día seguinte ao do envío do anuncio ao DOUE (sempre que o anuncio de licitación fose publicado no BOE polo menos con 15 días de antelación ao prazo de finalización para a presentación de ofertas) segundo o establecido no art. 159 do TRLCSP, de nove a catorce horas e en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou pola persoa que o represente e coa documentación e requisitos dos presentes pregos.

No caso de que o último día do prazo de presentación de ofertas coincida en domingo ou festivo; prorrogarase ata o día hábil inmediatamente seguinte.

No suposto de que as proposicións se envíen por correo deberán efectuarse de maneira urxente, debendo o licitador xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama o fax (981.884.929) no mesmo día. Consignándose o título completo do obxecto do contrato e nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non se admitirá a proposición se é recibida polo órgano de contratación despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, co fin de non dilatar o acto de apertura de Plicas e a adxudicación do contrato.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente prego e vincula ao licitador coa Administración e presume por parte de dito licitador a aceptación incondicional, sen salvedade nin reserva algunha, das cláusulas e condicións deste prego, así coma da declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

Unha vez presentada unha proposición non poderá ser retirada baixo ningún pretexto.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garanten tal carácter ata o momento en que se proceda a apertura en público das mesmas.

11.3.- Documentación.

Os documentos que se acompañen ás proposicións deberán de ser orixinais ou fotocopias compulsadas cos seus orixinais.

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán dous sobres: SOBRE A (documentación xeral) e SOBRE B (documentación avaliable de forma automática por aplicación de fórmulas) acompañándoos dos documentos prescritos nos artigos 145 e 146 do TRLCSP e que se relacionan nas cláusulas 11.3.1 e 11.3.2 da presente Prego.

Os aludidos sobres presentaranse do seguinte xeito:

- Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación.
- Con indicación do nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, dirección e correo electrónico.

- Debidamente pechados (poderán estar lacrados), de modo que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.

- E ademais, os licitadores que se encontren inscritos nun Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas deberán facer constar o número de inscrición no sobre A (por fora). As indicacións de SOBRE A e SOBRE B respectivamente, deberán figurar na parte superior de cada un deles, e nos seus centros constará a lenda:

"Proposición para tomar parte na contratación do contrato administrativo de **SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO DO CONCELLO DE AMES**".

Os licitadores deberán achegar a documentación asinada en soporte informático (memoria USB).

11.3.1.- SOBRE A: Subtitulado "Documentación Xeral".

Conterá a seguinte documentación:

- Unha declaración responsable asinada polo licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración de acordo co estipulado no artigo 146 do TRLCSP, así como cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional establecidos no presente prego. Modelo anexo II.
- Posteriormente o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente a adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos na cláusula 8 deste prego.

Os licitadores deberán achegar a documentación asinada en soporte informático (memoria USB).

11.3.2.- SOBRE B: Subtitulado "Documentación avaliable de forma automática por aplicación de fórmulas".

Conterá a documentación relativa a aqueles criterios cuantificables de forma automática por aplicación de fórmulas e que se relacionan na cláusula 12 deste Prego, en concreto:

- Oferta económica, conforme ao modelo que figura como ANEXO III deste Prego.
- Características do vehículo ofertado, indicando o número de prazas totais (incluídas a do condutor, acompañante e usuarios) e indicando tamén claramente o número de prazas dispoñibles para os usuarios do servizo, especificando de xeito claro e inequívoco cantas prazas son para usuarios normais e cantas para usuarios en cadeira de rodas (anexo III).

Os licitadores deberán achegar a documentación asinada en soporte informático (memoria USB).

12. CRITERIOS DE VALORACIÓN E ADXUDICACIÓN.

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto son os seguintes:

a) Oferta económica:..... Máximo 10 puntos.

Á mellor oferta económica asignaráselle a máxima puntuación e non se valorarán as ofertas que superen o tipo de licitación.

Para o resto das ofertas terase en conta a seguinte fórmula:

Puntuación=Prezo máis baixo ofertado x 10 puntos/Prezo ofertado polo licitador.

b) Vehículo con maior número de prazas para os usuarios (sen ter en conta o asento do condutor e do monitor/acompañante. O mínimo esixido para usuarios son 11 prazas normais e 2 para usuarios con cadeira de rodas)..... ata un máximo de 2 puntos.

- 0,25 puntos por cada praza adicional normal sobre as establecidas como mínimas.

- 0,50 puntos por cada praza adicional para cadeira de rodas sobre as establecidas como mínimas.

Criterios de desempate:

De acordo co establecido na Disposición Adicional cuarta do TRLCSP, cando unha ou

varias proposicións iguallen, nos seus termos, á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adxudicación, terán preferencia na adxudicación do contrato as proposicións presentadas por aquelas empresas que acrediten ter no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%.

Se aínda así persistira o empate, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada nos parágrafos anteriores, deberán achegar ao tempo de presentar a súa proposición, a seguinte documentación:

- 1.- Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.
- 2.- Relación de traballadores fixos discapacitados, acompañada da resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade.
- 3.- Contrato de traballo dos traballadores fixos discapacitados.

13. MESA DE CONTRATACIÓN.

De conformidade co disposto na disposición adicional segunda do TRLCSP e o artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público a composición da mesa de contratación será designada polo órgano de contratación,

A súa composición publicárase posteriormente no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente, cunha antelación mínima con respecto á reunión que se celebre para a calificación da documentación.

14. APERTURA DE DOCUMENTACIÓN E VALORACIÓN DE OFERTAS.

“SOBRE A”

A mesa de contratación calificará previamente os documentos presentados en tempo e forma contidos no sobre A).

O acto de apertura comezará co reconto das proposicións presentadas. A Mesa de Contratación cualificará previamente a documentación xeral (SOBRE A) presentada en tempo e forma polos licitadores, e o secretario da mesa de contratación certificará a relación de documentos que figuran en cada un deles. Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables concederá un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador os emende. De non presentar a documentación requirida dentro do prazo establecido o licitador quedará automaticamente excluído.

A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación e emendada, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

“SOBRE B”

A Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura da documentación avaliable de forma automática por aplicación de fórmulas (SOBRE B), presentada polas empresas que fosen admitidas á licitación por ter toda a súa documentación presentada correctamente.

A apertura celebrárase no lugar, día e hora que se sinale no perfil do contratante, cunha antelación de 2 días naturais á súa celebración.

O presidente da mesa dará conta do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores no SOBRE A, indicando os licitadores excluídos e as causas da súa exclusión, invitando os asistentes a formular as observacións e instar as explicacións que estimen pertinentes pero sen que en ningún caso se admitan pola Mesa documentos que non fosen entregados durante o prazo de presentación de ofertas ou de correccións/emendas que se outorgara segundo o disposto no presente Prego.

A continuación, a mesa procederá á apertura dos sobres B, con exclusión dos correspondentes ás proposicións rexeitadas, que non poderán ser abertos, e darase a coñecer o seu contido.

Concluído o acto público de apertura, a Mesa de Contratación realizará a valoración das ofertas segundo os criterios de adxudicación cuxa ponderación dependa de criterios avaliables de forma automática mediante a aplicación de fórmulas, podendo solicitar a tales efectos cantos informes técnicos considere precisos.

Unha vez valoradas as ofertas, a Mesa de Contratación remitirá ao órgano de contratación a acta que incluírá a correspondente proposta de clasificación de ofertas na que figurarán ordenadas as ofertas de forma decrecente xunto coa puntuación outorgada a cada unha delas por aplicación dos criterios indicados na cláusula 12, identificando a oferta economicamente máis vantaxosa.

15. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

15.1 Cando a mesa de contratación entenda que algunha das proposicións podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto para o efecto no artigo 152.3 do TRLCSP, e á vista do seu resultado propoñerá ao órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da oferta de que se trate.

15.2 Considerarase, en principio, como desproporcionadas ou anormais as ofertas que se encontren nos supostos establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

- 1º.- Axeitada xustificación dos prezos ofertados.
- 2º.- Volume de actividade xa contratada, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.
- 3º.- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

16. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

O órgano de contratación, á vista da proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación, clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais, e posteriormente, requirirá o licitador que tivese presentado a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente ademais da documentación administrativa pertencente ao sobre a e sinalada na cláusula 8 deste prego a seguinte:

- A documentación xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- A documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios, no seu caso, teríase comprometido a que dedicar ou adscribir a execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP.
- A documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que fora procedente.
- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas, orixinal ou copia compulsada da alta no IAE referida ao exercicio corrente, ou do último recibo do devandito imposto, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do mesmo; ou no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.
- Cando os licitadores concorresen en Unión Temporal de Empresas, a correspondente escritura de constitución.
- Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición de medios conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP que lle reclame o órgano de contratación.

Se no prazo concedido non se presentase a devandita documentación, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ao seguinte licitador pola orde na que tivesen quedado clasificadas as ofertas.

O licitador que non cumpra o establecido neste apartado dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou neglixencia poderá ser declarado en prohibición de contratar segundo o previsto no artigo 60. 2 d) do TRLCSP.

17. ADXUDICACIÓN.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á data de recepción da documentación á que se refire a cláusula anterior.

A adxudicación do contrato acordarase en resolución motivada, notificarase aos licitadores e de forma simultánea publicarase no perfil do contratante, debendo indicar na notificación e no perfil do contratante o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao disposto no artigo 156.3 do TRLCSP.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. No caso de que a notificación se efectúe por correo electrónico axustarase aos termos establecidos no artigo 151.4 do TRLCSP.

18. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada o contrato non poderá formalizarse antes dos quince días hábiles seguintes ao da remisión da notificación da adxudicación aos licitadores. Unha vez transcorrido este prazo o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días naturais dende a recepción do requirimento. O devandito documento constitúe título abondo para acceder a calquera rexistro público. No obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando os licitadores concorresen en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá achegarse antes da formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíra.

Unha vez formalizado o contrato, comunicarase ao Rexistro Público de Contratos a que se refire ao artigo 333 do TRLCSP.

19. PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato, publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio da adxudicación.

20. RESPONSABLE DO CONTRATO.

De conformidade co establecido no art. 52 do TRLCSP, **o órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato**, quen supervisará a execución deste comprobando que a súa realización se axusta ao establecido, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

O adxudicatario deberá designar unha persoa responsable da execución do contrato, con competencia profesional e capacidade abondo para representar a entidade en todo e canto afecte á devandita execución e que será a interlocutora coa Administración.

21. EXECUCIÓN DO CONTRATO: CONTIDO, CUMPRIMENTO DEFECTUOSO E INCUMPRIMENTO DO CONTRATO.

21.1.- O contratista executará o contrato con estrita suxeición ás estipulacións contidas na presente Prego e no Prego de prescricións técnicas, así como ás instrucións que para a súa interpretación lle dea o órgano de contratación, que se reserva un dereito de supervisión e inspección.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, pero a Administración conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos de que se trate.

21.2.- No caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato, o órgano de contratación poderá impoñerlle ao adxudicatario as penalidades establecidas na cláusula 26 deste prego e no artigo 212 do TRLCSP.

Estas penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación (por proposta do responsable do contrato) que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que en concepto de pagamento total ou parcial deban aboarse ao contratista. En todo caso, a garantía constituída responderá da

efectividade daquelas.

A imposición de penalidades non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a administración polos danos e prexuízos ocasionados polo contratista.

21.3.- Se do incumprimento por parte do contratista se derivase perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público, e a Administración non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá aboar á Administración os danos e prexuízos que efectivamente lle irrogase.

22. OBRIGAS ESPECÍFICAS DO/A CONTRATISTA.

O contratista quedase obrigado a achegar e empregar para a execución do contrato todos os medios persoais e materiais que tivera comprometidos na súa oferta. Os devanditos medios terán a consideración de mínimos, e deberán de aumentarse se fose necesario para a correcta execución do contrato.

O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, sendo a Administración contratante de todo allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación coa Administración contratante nin se esixir a estas responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O contratista quedo obrigado, respecto do persoal destinado á execución do contrato, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento. No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole acontecido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo á Administración contratante.

O contratista comprométese a retribuír axeitadamente ao persoal destinado ao servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole. Ao mesmo tempo será responsabilidade da empresa contratista facilitar aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo.

Será obriga da empresa contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou polo persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

Será obriga da empresa adxudicataria contratar un seguro de responsabilidade civil que cubra as garantías e indemnizacións que se lle podan reclamar por danos e prexuízos. Deberá presentar un exemplar da devandita póliza despois da adxudicación do contrato e antes da súa formalización, así como certificado ou documento acreditativo expedido pola entidade aseguradora de que se encontra ao corrente dos pagamentos. Ao mesmo tempo, estará obrigado a presentar ao vencemento da póliza, o recibo acreditativo do pagamento da póliza correspondente.

Serán por conta do contratista os gastos dos anuncios de licitación e adxudicación e de formalización do contrato.

Rematado o contrato, o contratista asume o compromiso de continuar coa prestación dos servizos ata que o contrato sexa adxudicado a outro empresario, previa a tramitación do correspondente expediente de contratación. A Administración comprométese ao pagamento e mantemento do equilibrio económico do contrato durante o tempo que dure a situación anteriormente descrita.

23. RÉXIME DE PAGAMENTOS.

Aos efectos do disposto no artigo 3 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público o

provedor deberá expedir a factura polos servizos prestados ou bens entregados e terá a obriga, aos efectos do disposto nesta lei, de presentala ante o rexistro administrativo da entidade municipal, nos termos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo de trinta días dende a data de prestación do servizo. Na factura deberá constar a identificación do órgano xestor, a unidade tramitadora e a oficina contable, con indicación dos correspondentes códigos de acordo co “Directorio Común de Unidades e Oficinas DIR3” xestionado pola Secretaría de Estado de Administracións Públicas conforme ao seguinte:

Oficina Contable	Órgano Xestor	Unidade Tramitadora
L01150026 Ayuntamiento de Ames	L01150026 Ayuntamiento de Ames	L01150026 Ayuntamiento de Ames

24. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

Rexerase polo disposto nos artigos 226 a 228 do TRLCSP.

24.1.- Cesión

Admitirase a cesión do contrato sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non fosen causa determinante da súa adxudicación e se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226.2 do TRLCSP entre os cales se encontra a preceptiva, expresa e previa autorización da cesión por parte do órgano de contratación.

Así mesmo, para que a cesión produza efectos fronte á Administración contratante, deberán cumprirse, igualmente, todos os demais requisitos sinalados na citada norma.

24.2.- Subcontratación

Non se permite a subcontratación do servizo.

25. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Sen prexuízo dos supostos previstos no TRLCSP de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato e prórroga do prazo de execución, o contrato só poderá modificarse salvo nos casos e cos límites establecidos no artigo 105, así como no 219 do TRLCSP e o disposto no presente prego.

Nin o contratista nin o responsable do servizo poderán introducir ou executar modificación algunha no obxecto do contrato sen a debida aprobación previa e, no seu caso, do presuposto correspondente polo órgano de contratación. As modificacións que non estén debidamente autorizadas pola Administración orixinarán responsabilidade no contratista, o cal estará obrigado a refacer a parte dos mesmo que resulta afectada por aquelas, sen abono algún.

26. PENALIDADES

Os incumprimentos en que incorra o contratista en desenvolvemento das actividades obxecto da presente licitación, estarase ao disposto no artigo 212 do TRLCSP. En calquera caso serán considerados incumprimentos do contratista os seguintes:

- a) Os incumprimentos que afectando desfavorablemente ao servizo non sexan debido a unha actuación maliciosa, nin comporten perigo para as persoas.
- b) O atraso reiterado no comezo da prestación dos servizos sobre o horario previsto.
- c) A inobservancia das medidas adecuadas para evitar situacións perigosas.
- d) A prestación defectuosa ou irregular dos servizos, con incumprimento das condicións establecidas no contrato sen causa xustificada, así como as fraudes na forma de utilización dos medios esixidos ou que os mesmos presenten mal estado de conservación.
- e) Maltrato ás instalacións, mobiliario, etc.
- f) O incumprimento de acordos ou decisións municipais sobre variacións do obxecto de contratación, que non supoñan maiores gastos para o adxudicatario.
- g) O incumprimento das obrigas laborais e de seguridade social co persoal do

servizo.

h) O incumprimento dos deberes do contratista establecidos no presente Prego, cando sexan previamente esixidos expresamente pola Administración.

i) A suspensión temporal do servizo, sen previa autorización municipal.

k) A prestación manifestamente defectuosa ou irregular do servizo, por incumprimento das condicións establecidas.

l) Non prestar o servizo. Por cada día que pase a partir do cuarto que deba prestar o servizo a sanción incrementarase nun 20 por cento sobre a inicialmente imposta.

As penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento.

As infraccións serán sancionadas polo órgano de contratación, sen prexuízo das delegacións que se outorguen ao respecto, logo de tramitación do correspondente procedemento no que se dará audiencia, en todo caso, ao contratista.

Notificada a resolución impondo a sanción, o seu importe deberá aboarse dentro dos quince días hábiles seguintes con advertencia de que, en caso de que non fose satisfeita, poderá detraerse da garantía definitiva depositada ou dos pagamentos pendentes á empresa, debendo repoñer o contratista o importe da garantía á súa totalidade por requirimento do órgano de contratación, sen prexuízo das delegacións que se outorguen ao respecto, e no prazo de quince días dende que este se produza.

As presentes penalidades aplícanse pola importancia do incumprimento do contrato e a necesidade da prestación do servizo.

Respecto á aplicación das penalidades estarase, no non establecido no presente prego, ao disposto nos art. 212 e ss. do TRLCSP e demais normativa de desenvolvemento.

27. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

O contrato extinguirase por cumprimento ou por resolución.

27.1.- Cumprimento do contrato.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos termos deste e a satisfacción da administración, a totalidade da prestación.

O contratista queda obrigado a observar no cumprimento do contrato todo o disposto nas cláusulas da presente Prego, así como no de prescricións técnicas e no TRLCSP, en concreto, no relativo ao cumprimento e efectos do contrato de servizos nos artigos 305 a 309 do TRLCSP.

27.2.- Resolución.

Serán causas de resolución do contrato as sinaladas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, ademais do establecido no artigo 32.b) do mesmo corpo legal en canto aos efectos da falta de capacidade, solvencia e das prohibicións para contratar. Así mesmo, poderán motivar a resolución do contrato, considerándose obrigas esenciais do mesmo, as seguintes:

1) As reiteradas deficiencias na execución do contrato ou a interrupción da execución mesma, salvo caso de forza maior.

2) A obstrución ás facultades de dirección e inspección da Administración.

Considerarase igualmente xusta causa de resolución do contrato por incumprimento do contratista a reiterada obstrución ou falta de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección e inspección recoñecidas á Administración na presente Prego, previamente advertida por escrito.

3) O incumprimento da obriga do contratista de gardar siliro respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

4) A manifesta falta de calidade na prestación do servizo.

5) O órgano de contratación poderá resolver o contrato por incumprimento reiterado das prescricións técnicas do servizo, así como en canto aos medios persoais ou materiais comprometidos, tempos de resposta e/ou resultados asignados ao servizo.

6) A perda sobrevida dos requisitos para contratar coa Administración.

A resolución do contrato dará dereito ao contratista, en todo caso, a percibir o prezo dos servizos que efectivamente realizara conforme ao contrato e que se recibirán pola Administración.

A aplicación e os efectos das causas de resolución do contrato serán as previstas legalmente, con carácter principal nos artigos 224, 225, 308 e 309 do TRLCSP.

28. SUSPENSIÓN DO CONTRATO.

Se a administración acordara a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 216 do TRLCSP, levantarse acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel. Acordada a suspensión, a administración aboará o contratista, se é o caso, os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este.

29. DEVOLUCIÓN O CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, e prestada a conformidade polo órgano de contratación, se non resultar responsabilidades que deban exercitarse sobre a garantía definitiva, acordarase a devolución ou cancelación desta, de conformidade co establecido no artigo 102 do TRLCSP.

30. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

31. CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP relativas á publicidade que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información

facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais destas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

Ou/a contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle tivese dado o referido carácter nas Pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

De igual modo, responsabilízase de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco da prestación do servizo se levará a cabo de conformidade coas instrucións do órgano de contratación e con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Será así mesmo de aplicación a Disposición Adicional vixésima sexta do TRLCSP. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e os técnicos designados serán responsables das infraccións que se deriven diso.

32. RÉXIME DE RECURSOS E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que podan formularse durante o desenvolvemento do contrato serán resoltas polo órgano de contratación, logo de audiencia do contratista.

Os acordos adoptados para a súa resolución poñerán fin a vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso especial en materia de contratación, de conformidade co artigo 40 do TRLCSP ou recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto nos 116 e 117 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, serán de aplicación o texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro; o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector

público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as demais normas de dereito administrativo e, na falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes deste contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

33.- ANEXOS AO PRESENTE PREGO

ANEXO I. CADRO RESUMO CARACTERISTICAS CONTRATO

ANEXO II. MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

ANEXO III. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA E CARACTERÍSTICAS DO VEHÍCULO.

ANEXO I

CADRO RESUMO CARACTERISTICAS DO CONTRATO

Obxecto do contrato: **SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO DO CONCELLO DE AMES.**

Características técnicas: **as recollidas no prego de prescricións técnicas**

Tipo de contrato: **administrativo de servizos**

Suxeito a regulación harmonizada: **Si**

CPV (Referencia de Nomenclatura):

85300000-2- Servizo asistencia social e servizos conexos

60140000-1- Transporte non regular de viaxeiros

63520000-0- Servizos de compañía de transporte

Procedemento de adxudicación: **ABERTO** Tramitación: **ORDINARIA.**

Orzamento estimado de licitación: **384.000 €uros/4 anos (IVE non engadido)**

Aplicación orzamentaria: **231.22799**

Revisión de prezos: **Non se contempla.**

Taxas do contrato: **Gastos de publicación**

Órgano de contratación: **Xunta de Goberno Local**

Perfil do contratante: **Dirección páxina web: www.concellodeames.org.**

Clasificación: **Grupo R, subgrupo 1, categoría A**

Prazo de presentación de ofertas:

Os licitadores poderán presentar as proposicións no rexistro xeral do Concello de Ames, ata as 14:00 horas no prazo de **52 días naturais** que comezarán a contar dende o día seguinte ao do envío do anuncio ao DOUE (sempre que o anuncio de licitación fose publicado no BOE polo menos con 15 días de antelación ao prazo de finalización para a presentación de ofertas) e no perfil do contratante.

Lugar de presentación:

No Rexistro Xeral do Concello e outros sinalados no art. 38 LRXPAC.

Apertura de ofertas:

A apertura celebrárase no lugar, día e hora que se sinale no perfil do contratante, cunha antelación de 2 días naturais á súa celebración.

Garantías

Provisional:

Non se esixe

Definitiva:

5% do importe de adxudicación correspondente a 1 anualidade, excluído o IVE

Prazo de execución: 3 anos. Prórrogas: Unha prorroga de 1 ano mais.

Duración total (inicial máis posibles prórrogas): 3 anos (3+1)

Forma de pago: O pago do prezo realizarase mensualmente, mediante a presentación das facturas correspondentes a mes vencido.

Criterios de valoración

a) **Oferta económica.....ata 10 puntos.**

b) **Aumento do número de prazas do vehículo ata 2 puntos.**

PUNTOS TOTAIS: 12 puntos.

Outros datos:

- TELÉFONO DE INFORMACION: 981883002

- LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS:

· Dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas:

Dirección páxina web: www.concellodeames.org (perfil do contratante)

ANEXO II MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

"D/D^a..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado "....." (ou actuando en nome propio).

DECLARA:

1. *Que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración*
2. *Que en relación co expediente cumpre cos requisitos de solvencia esixidos nos pregos*
3. *Que se compromete a acreditar documentalmente ante o Órgano de Contratación, no caso de ser requirido para elo, todos e cada un dos extremos requiridos pola Lei e nos pregos, con anterioridade á adxudicación, e no prazo conferido ao efecto.*

E para que así conste e surta efectos ante o órgano de contratación do concello de Ames, e en cumprimento do disposto no artigo 146.4 do TRLCSP

ANEXO III
Modelo de proposición económica

Don/Dona.....con
domicilio
en.....CP.....,
provisto de D.N.I. n°..... en nome propio o en representación de
....., CIF n °, coñecedor da licitación por
publicación oficial no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e das condicións e
requisitos que se esixen para concorrer á licitación e adxudicación do contrato
administrativo de **SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO DO CONCELLO DE AMES.**

DECLARA:

1º.- Que a oferta económica será a seguinte:

Base imponible:
Importe do IVE:
Importe total:
(Deberá expresarse claramente en letra e número)

2º.- Que oferta un vehículo co seguinte número de prazas:

- N° de prazas totais (incluída as de usuarios, conductor e acompañante):
- N° de prazas para usuarios normais:
- N° de prazas para usuarios en cadeira de rodas:

*3º.- Asemade, comprométese ao cumprimento das disposicións vixentes en materia
laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.*

Lugar, data e sinatura.